



## **Resolución Xunta Directiva 26 de Marzo de 2018:**

**para a adxudicación da contratación dunha actividade formativa a través do asesoramento especializado no ámbito de xestión empresarial e responsabilidade social aos promotores das iniciativas aprobadas na convocatoria de proxectos da anualidade 2017**

### **ANTECEDENTES:**

Segundo acordo da Xunta Directiva celebrada na data do doce de xaneiro e no marco das actuacións do Grupo respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, colabora cos promotores dos proxectos seleccionados na convocatoria anual de proxectos segundo a Orde do 24 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP. Para elo o GALP ofrece un programa de seguimento dos proxectos aprobados ofrecendo asesoramento técnico individualizado no proceso de execución do proxecto, formación técnica e guías para a avaliación do impacto dos proxectos.

### **PROCEDEMENTO:**

Coa data do 26 de febreiro de 2018, publícanse as bases que regularán o procedemento para a adxudicación da contratación mencionada. As propostas presentadas foron:

- 1) Polygon-e cunha oferta económica de 21.743,70 euros.
- 2) Icsem , cunha oferta económica de 19.844,00 euros .
- 3) Supernova, cunha oferta económica de 18.948,60 euros

Segundo as bases de procedemento a empresa adxudicataria sería aquela que máis puntuación acadase, valorándose con corenta puntos a proposta económica e con sesenta puntos a proposta técnica dos que vinte puntos se asignarían ao plan de asesoramento individualizado.

Ademais aquelas propostas cuxo prezo sexa un dez por cento inferior á media das ofertas presentadas consideraranse baixas temerarias, non habendo neste caso ningunha proposta que se poida considerar baixa temeraria.





Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:  
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO  
Y DE PESCA (FEMP)

Unha vez feitas as valoracións pertinentes os resultados acadados son os que a continuación se relacionan:

EMPRESA	ICSEM	POLYGON-E	SUPERNOVA
Proposta técnica	53	40	50
Oferta Económica	38,10	34,09	40
<b>TOTAL</b>	<b>91,10</b>	<b>74,09</b>	<b>90</b>

Polo exposto anteriormente a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible **Resolve:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa ICSEM por acadar a maior puntuación segundo as bases publicadas.

Muros 26 de marzo de 2018



GALP Seo de Fisterra  
Ría de Muros-Noia  
Costa Sostible  
Grupos de Acción Local do  
Sector Pesqueiro 2014-2020

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR

